

**Tempo escuro**  
Museo do Mar de Galicia  
13 novembro 2010 - 27 febreiro 2011

Fotografías de Peter Schneider  
O legado do *Prestige*: a bita de proa  
Escultura *Al Paso* de Francisco Leiro

**Museo do Mar de Galicia**  
Avenida Atlántida 160  
36208 VIGO

Martes a venres de 10:00 a 14:00 horas  
Sábado e domingo de 11:00 a 19:00 horas

Organiza



# TEMPOES CURÓ

**Fotografías de Peter Schneider**

13 novembro 2010 / 27 de febreiro 2011

## TEMPO ESCURO

Que lembra cada un de nós do accidente do *Prestige* en novembro de 2002? Cal foi o momento que quedou gravado na nosa mente? Existe xa unha xeración de galegos e galegas sen ningunha memoria daquel tempo? A memoria é como un mosaico inconcluso ao que se lle van engadindo pezas coa idea de acadar unha imaxe xeral. A exposición *Tempo Escuro*, que se abre no Museo do Mar de Galicia coincidindo co oitavo aniversario do accidente, propón un catálogo de evocacións e ausencias; un quebracabezas incompleto que, porén, revela novas memorias daquela historia a través de distintos elementos e soportes e acudindo a novas testemuñas. *Tempo Escuro* fálanos do que está e do que non está. Nas imaxes de Peter Schneider (Frankfurt, Alemaña, 1963) compartimos o desacougo do fotógrafo emigrante que retrata a desfeita, desde Razo até Lariño, durante as cinco semanas que seguiron ao accidente. A paisaxe en branco e negro deste conxunto de cincuenta e seis pezas está desprovista do elemento humano, pero a sensibilidade de Schneider deixan sentir a soildade do individuo e da comunidade ante a catástrofe.

A escuridade en terra tamén chega ao fondo do mar. Por primeira vez poderemos ver a peza da bita de proa, o único resto do *Prestige* que é indicador doutra ausencia: a dun barco que hoxe xace en augas profundas. Porén, esa tapa da bita de proa permítenos reconstruir o que aconteceu despois do afundimento do barco, as causas polas que, unha vez ausente, continuou cuspido chapapote. Tamén son testemuñas chamadas a declarar na mostra *Tempo Escuro* os trebellos ideados para loitar contra a marea negra que, oficialmente, tamén estivo ausente; trebellos polivalentes en terra e mar. Tixolas e sachos reconvertidos en armas e manexadas por unha marea humana que peleaba contra aquela escuridez. Ferramentas que dan fe do inmenso esforzo colectivo pero tamén da solidariedade, da precariedade de medios e, ao mesmo tempo, da inventiva para eliminar a negrura. E outras ausencias: non atoparemos na mostra os rostros das persoas voluntarias que se lanzaron ás praias para combater o chapapote; iso si, están presentes as súas botas en *Al Paso*, a escultura de Francisco Leiro que pecha o itinerario proposto nesta exposición.

A memoria do *Prestige* non é un capítulo pechado. Esta exposición, que forma parte do Proxecto Costa da Morte emprendido polo Museo do Mar de Galicia, aporta novos ángulos que reactivan as memorias, presentes ou ausentes, que cadaquén posúe daquel *Tempo Escuro*.

### De camiño á escultura de Francisco Leiro

O mar non podía chorar. Non tiña bágoas. Tan só un manto escuro que lle roubou o brillo, a alegria, a vida. Un manto que tamén se estendeu pola costa. Mar e costa, tinguidos outra vez de loito. O mar non podía chorar, porén chorou a xente, choramos nós. Un choro de desacougo, de impotencia. Polycomander, Urquiola, Mar Exeo, Casón e agora *Prestige*. Nomes para non esquecer. Con todo, non se esquecerá a grande mareira humana que, consternada polas imaxes dunha costa en perigo e dos mariñeiros recollendo con todo o que tiñan a man o fuel vomitado polo leviatán ferido, acudiou como nunca antes acontecera. Unha mareira que Francisco Leiro simbolizou nunha escultura única. As mans dun mariñeiro recollendo o fuel mentres é soportado por esa mareira silandeira, sabedora que o esforzo tenaz cumpriría.

